# REPESCA



Nico nunha vistosa imaxe
Alfonso intenta seguilo



Pablo vaise de Nico nunha mestura de forza e control



Sebas nun bonito xesto.
Noa intenta evitar o tiro.



Pedro co seu banderín
Enxeño non lle falta.



Sporting Fogar saca o balón
Pablo prepárase para evitalo



Ánge e Sebas comentan algo
Ángel fixo un gran campionato



Choque entre Sergio e outro
Nunca evita o choque Pablo.



Momento da tanda de penaltis
Foron necesarios máis de dez.

SPORTING FOGAR - - SK

# SK GAÑA NA TANDA DE PENALTIS

## Alfonso detén o lanzamento definitivo

Grandioso espectáculo o vivido o día 25 de febreiro no pavillón do ceip Fogar en presenza de numerososo afeccionados.
O poderoso ataque do Sporting Fogar con Jorge, Nico e Marcial perforou o sistema defensivo ideado polos xogadores Diego, Alfonso, Ángel, Sebas e Pablo do SK. Así, no minuto 6 Marcial adiantaría ao seu equipo nos primeiros minutos e , posteriormente, no minuto 10 Jorge faría o mesmo. A partir dahí, SK sobrepúxose e cun golazo de Alfonso conseguiu empatar tras vencer a férrea defensa de Noa, Claudia, Carla e Marta.
Sporting Fogar seguía mandando no marcador pero o tempo do partido tomaríano dende ese momento os de SK e despois de continuas internadas polas bandas conseguirían empatar cun golazo de Diego. Foi así como se chegou ao final do tempo regulamentado. Ante a imposibilidade de xogar unha prórroga pasouse directamente ao lanzamento de penaltis. Hai quen dí que os penaltis son unha lotreía e se así fose, neste caso poderíase dicir que caeu do lado dos xogadores do SK. Vivíronse durante a tanda de penaltis algúns dos momentos máis emocionantes do campionato e tras continuos acertos dos porteiros, que se ían rotando , Alfonso marcaría o gol que meteria ao seu equipo en semifinais. Gustaríame felicitar aos xogadores e xogadoras do Sporting Fogar por ser o único equipo que se atreveu a participar con catro rapazas na súa plantilla.

Hai que destacar a actuación do público que non parou de animar como se poderá ver nas páxinas adicadas ao mesmo máis adiante.

TEXTO:REDACCIÓN






ÁRBITRO
MATEO



FOTOS
ROSALÍA



FOTOS
MÓNICA



FOTOS
RODRIGO



MESA
FRAN

# REPESCA



Arrriba: Alfonso e Nico.
Abaixo: Nico pre-parase para tirar un penalti.



Abaixo: Marcial controla o balón. Bonita imaxe sacada por Rodrigo.



Abaixo esquerda: Ángel.
Dereita:Pedro cun banderín moi orixinal.





# SPORTING FOGAR - SK





Arriba: Noa co balón.
Á dereita arriba: Sebas
Arriba debaixo: Pablo,Nico e Noa:





Nico vaise de Pablo ante a mirada de Simón e de


SEMIFINAIS





Sergio controla o balón



Christian saca de banda



IRIA



SEBAS



IRIA



SEBAS E IRIA LOITANDO POR UN BALÓN.



MOMENTO DO PARTIDO

SK - - OS DO CHORÍS



# SK PROVOCA A PRÓRROGA

## Partidazo de Os do Chorís na prórroga.

Non podía ser doutra maneira tratándose do SK. Se xa equipo re velación. spectáculo o vivido o día 25 de febreiro na repesca necesitaro máis de 10 penaltis para conseguir pasar a semifinais, nesta ocasión o equipo de Os do Chorís tiveron que empregarse a fondo e necesitaron dunha prórroga para gañar o partido. Práctimente na súa primeira aproximación SK conseguiu o seu primeiro e único gol. Ángel, porteiro do equipo, pasa en corto a Diego que descarga en Pablo, estemételle un balón a Alfonso en produndidade a Alfonso preto da área quen lla deixa a Sebas só ante o porteiro. Sebas define perfecto cunha leve vaselina e desquilibra o partido. Esta xogada fixo reaccionar aos do Chorís quen empezaron a realizar combinacións no centro do campo con continuas paredes entre Simón, Dani e Iria en ataque. O gol non daba chegado ata que Sergio( porteiro nese intre) lle pasa a pelota ao sólido central José Antonio quen lla pasa en largo a Simón; este sen parar o balón engancha un gran disparo que rebota nun defensa. É aí cando aparece Daniel: colle o rechace e cunha frialdade impropia para a súa idade prepara a pegada e mete o balón dentro da portería do rival deixándoa limpa de telarañas.O partido remata e é necesaria unha prórroga que se xogaría ao día seguinte. Na prórroga Os do Chorís fixeron un pllanteamento parecido ao que tan bo resultado lle dera na fase regular contra o mesmo rival e levouse o partido.

# SK
VS
# OS DO CHORÍS



ÁRBITRO
MARTÍN



FOTOS
DANI



MARCADOR
JESÚS



MARCADOR
ISMAEL



MESA
MIGUEL



# Campionato **Fútbol** 2013 CEIP FOGAR

## OS DO CHORIS - SK

Fotografías por : Dani



*Sergio vaise de varios rivais*



*Iria*





Sebas e Iria



ARRIBA : Sebas co balón



*Sergio*



*equipo SK*



*equipo Os do Chorís*



compoñentes dos dous equipos




Sergio fala cos membros da mesa
Urbieta está atento aos comentarios.



Hugo, controlando o balón
desgrazadamente non hai moitas imaxes del.



imaxe do final do partido.
como se pode apreciar o bo ánimo non faltou



Sergi nun momento do partido
fixo un gran campionato o xogador de 6ºA

LCS FOGAR ARDIENTE

# LCS VS FOGAR ARDIENTE



## ¡QUE ESPECTÁCULO!

### Ocasións de sobra para gañar

Difícil reto para Fogar Ardiente conseguir vencer ao equipo menos goleado da liga e máis contando coa baixa de Mirchu: xogador indispensable nos esquemas defensivos de Fogar Ardiente.

Non se arrugaron os de Martín, Hugo e compañía e buscaron o balón dende o pitido inicial. sen embargo, os pés dos xogadores de LCS parecía que tiñan imáns e foi despois dun rechace cando Daniel inaugurou un marcador. Seguíano intentando Hugo, Pedro e Sergi en ataque pero nesas estaban cando Miguel conseguíu o segundo gol para LCS. Foi tras este segundo gol cando houbo as mellores conmbinacións entre os compoñentes de Fogar ardiente e así foi como conqueríu Pedro un golazo que os metía no partido. Foi un espellismo, pois tras dúas xogadas desafortunadas dos que acababan de marcar viñeron outros dous goles na súa contra que xa non foron capaces de remontar.

Un bo espectáculo presenciado por numeroso público.

ÁRBITRO URBIETA | FOTOS ROSALÍA | FOTOS MÓNICA | MESA ISMAEL | MESA JESÚS


FINAL

# O fogar do fútbol

## LCS gaña o seu primeiro campionato de fútbol



Brilante final entre dous equipos aos que lles gusta poseer o balón e elaborar xogadas ata atopar unha boa finalización. O LCS culminou un partido perfecto con todo o público entregado aos dous equipos e coa sorte dos astros ao seu lado. Saíulles todo.

> O LCS culminou un partido perfecto con todo o público entregado aos dous equipos

**1 Cun enorme despliegue ofensivo** e unha precisión en defensa como ata ese momento non amosaran, LCS conqueríu o obxectivo final: Ser campións. Pola súa banda, Os do Chorís estiveron alonxados dese fútbol elegante que os caracterizou durante a fase regular onde as combinacións entre Iria, Simón, Daniel e Christian, xunto coas paradas de Sergio lograron gañar o respecto dos seus rivais.

**2 Todo un premio para LCS** que non perden ningún partido e que desplegou nesta final o seu mellor fútbol, a pesares da ausencia dun xogador fundamental no seus esquemas: Andrés Urbieta, que foi suplido con matrícula de honra por Antón: si, o mesmo, cronista, anotador, árbitro, anotador, adestrador, colaborador e final e felizmente puntal no eixe defensivo do equipo na final. E todo un castigo para un equipo,Os do Chorís que non tivo a sorte de cara. Oxalá poidera haber 2 campións, merecíano ámbolos dous equipos, pero desgrazadamente non é posible.

**3 Destacar a actuación de Daniel Otero** que con tres goles proclamouse máximo goleador da fase final e ademáis **MVP** da final seguido de **Simón** ( na fase regular cambiáranse os papeis). Enorme o partido do xogador das escolas Luis Calvo Sanz. Lóxicamete nin Simón nin Daniel lograrían eses galardóns sen a enorme actuación de todos e cada un dos seus compañeiros.

**4 L.C.S un por un:**

**Miguel**: que igual defende a tres rapaces á vez que remata balóns imposibles.

**Andrés Urbieta**: Que pensas que está aquí e xa está alá marcando un gol, e sempre ca sonrisa e saber estar que o caracteriza.
Mateo: que despois de irse de 2 ou tres rivais en 2m² aínda ten a frialdade de levatar a cabeza para colocarlle o balón ao compañeiro mellor situado.

**Francisco**: que neste campeonato foi o porteiro menos goleado con paradas imposibles propias de Valdés( pensó que é do Barca) pero que ademáis cando xogaba facíao con moitísimo perigo.

E finalmemnte **Antón**: que como xa dixen anteriormente dálle a todo e a todo ben, e neste partido foi un dos xogadores destacados cortando moitas das perigosísimas internadas de Daniel.

**5 Os do Chorís un por un:**

**Daniel**: Que partidazo o de Daniel, como se pode apreciar nas imaxes, as súas internadas pola banda foron unha ameaza constante para a defensa de LCS e aínda recordó o golazo que marcou en semifinais; sempre con esa tranquilidade e humildade.

É o momento de falar de **Iria**, máxima goleadora na fase regular, pero que na final fixo grandes intervencións debaixo dos paos. Estas grandes actuacións permitiron que os de LCS non se marcharan no marcador ata os instantes finais do encontró. Aproveito para dicir, espero que non lle moleste( perdoa Iria se che parece mal) que foi facer unhas probas ca selección galega de fútbol. Dende aquí deséxoche o mellor.

Continúo con **Sergio**, home comodín do equipo pois a trascendencia e reevancia das súas actuacións na portería axudaron ao equipo a chegar á final.
**Christian**: que coa súa visión do xogo e compromiso fai que tdodo sexa máis fácil para os seus compañeiros.

**Noraboa a todos os que xogastes a final e a todos os que participastes no torneo.**

# FINAL CAMPIONATO CEIPFOGAR













1,2,3,4: Imaxes nas que se ve como Daniel Otero prepara un lanzamento que acaba en gol.
5,7: Daniel vaise de Antón e vencara a portería contraria. Fixo un gran partido pola banda.
6: Espectacular imaxe na que se ve a intensidade ca que se disputou todo o encontro.
8:mesa e anotadores.
9,10: Simón tamén prepara un lanzamento que sairía rozando o poste.
11. Christian dando indicacións aos seus compañeiros.
12: Os árbitros do partido: Sergi e Martín.
13. Os membros dos dous equipos amosan a súa alegría.




## GRAN ESPECTÁCULO DE FÚTBOL O QUE SE VÍU NO PAVILLÓN DO COLEXIO FOGAR




**L.C.S** **OS DO CHORÍS**





















# GRAN final

COMO SE PREPARA UNHA XORNADA NO CAMPIONATO DE FÚTBOL GRACIÑAS Á COLA BORACIÓN DOS RAPACES.

Nada máis tocar sirea os rapaces empezan a chegar ao pavillón e ofrécénse para axudar en todo o quesexa necesario. Unha vez dentro colocan as mesas, collen os petos, o balón , a cámara de fotos e o árbitro pita o inicio do partido.

Cando o árbitro dá comezo ao pirtado comezan os nervos no público e nos equipos. O aprtido a vanza e ao rematar cada conxunto elixe ao xogador máis deportivo e o mellor xogador. Ao rematar o partido volven ás aulas.



12.22. SERGIO SACANDO



12.27. DANI CENTRA



12.34. FRAN E SERGIO



12.40. IRIA E SIMÓN



12.16. MESA



12.24. DANIEL



12.29. PÚBLICO





12.17. OS ÁRBITROS: MARTÍN E SERGI



12.25. FRANCISCO . Vaise de daniel e comeza o ataque



12.30. DANIEL INTENTA IRSE DE ANTÓN. Carme observa.



12.36. CHRISTIAN PIDE CALMA.Bínda tiñan posibilidades.



12.42. FESTA. Todos tan amigos.



12.20. REPORTAXE GRÁFICO:. Rosalía.



12.26. CHRISTIAN ENCARA A PORTERÍA.



12.32. SIMÓN CHUTANDO. Bonito xesto.



12.38. DANI TIRA A PORTERÍA. Acabou en gol.



12.45. MÁIS FESTA. Ata outro ano.